

Información



Nova convocatoria da aceleradora ES-Conecta edición Santiago


Trátase dun programa de alto rendemento que desenvolve accións baseadas na formación, titorización, mentoring e apoio no acceso a financiamento externo.

Duración: 3 meses

Lugar: Santiago de Compostela

Inscripcións: <http://bit.ly/esconectausc>

[Ver máis](#)



Entrevista a Sonia González Somoza da cooperativa Clun

Sonia González Somoza é directora de Persoas e Responsabilidade Social na cooperativa Clun, referente no sector agrogandeiro galego, ademais de participar no Grupo de Representación Empresarial Galego de RSE.

Na súa entrevista achéganos á economía social en datos e destaca que as mulleres representan o 47% das persoas socias nas cooperativas agrarias galegas.

[Ver máis](#)



Por que apostar pola economía social?

Coñece os 6 principios básicos polos que apostar pola economía social, entre os que se encontra, encabezando a lista, a primacía das persoas e o fin social.

[Ver máis](#)

Actividades



Quedan prazas no obradoiro: Gobernanza cooperativa nas comunidades de montes veciñais

O obxectivo deste obradoiro é amosar aos participantes vías de impulso da rendibilidade dos montes baixo o réxime de xestión cooperativizada, favorecendo o emprendemento de actividades económicas e a xeración de emprego, especialmente entre a xuventude.

Datas: 25/03/2019 ao 29/03/2019

Horario: 16:00h -19:00h

Lugar: Salón de Actos de Centro Sociocultural de Mosteiro, Pol. Praza de Galicia, Mosteiro.

Inscripcións: 981584783 / www.agaca.coop

[Ver máis](#)



*Edition en BOIRO
do 26 ao 29 de
marzo 2019*

Obradoiro: Elabora o teu plan de empresa cooperativo

Este obradoiro ten como obxectivo mostrar aos destinatarios as condicións e pasos a seguir para emprender baixo a fórmula cooperativa, coñecer o que deben analizar e ter en contra para facer da súa idea un proxecto viable e cooperativo.

Datas: 26/03/2019 ao 29/03/2019

Horario: 09:30h -14:30h

Duración: 20h

Lugar: Rúa Manuel María, 1, Boiro

Inscripcións: 981575578 / rosa@espazo.coop

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal